

Galicia cara a unha universidade unha e trina

Xosó Paraños Pardo

Había que facelo e fíxose. Por unanimidade e segregación. Pero inda estamos a tremer. Neste país desarticulado, talmente un polvorón, a Universidade de Santiago era esa argamasa que presta consistencia ó agregado -e fai a Galicia realidade presenciabile. Digo presenciabile. Non discuto (e defendo) a realidade de Galicia. Por certo, cada vez menos como bosque animado - quedámonos sen bosque- e cada vez máis como rías animadas cos seus bandidos e ánimas en pena. A Universidade de Santiago era unha institución vertebradora, tal vez a única, da sociedade galega. Era lugar de encontro das galicias, ou polo menos dalgúns dos segmentos máis dinámicos delas. Por suposto que me pronuncio por impulsar outras que expresen a nosa identidade, por exemplo as políticas, pero desgraciadamente están pouco consolidadas e reproducen mimeticamente ese elemento íntimo parte lamentable do poso xeito de se que é a desagregación.

Pero, en fin, por máis elemento vertebrador que fora a Universidade de Santiago, o que non podíamos facer era convertila nunha Universidade sen eficiencia, Deixaría de ser Universidade e vertebradora.

No último curso rondaba os cincuenta mil estudantes. O seu campus compúñase de sete campus nas sete cidades e coas comunicación que nos son propias. Os profesores, perto de dous mil, adscritos a departamentos con membros, polo tanto, nas distintas cidades. Os servicios centrais alonxados de máis da metade dos seus usuarios...

Por outra banda, resultaba tan imparable como desexable un crecemento intenso da Universidade en Galicia. Tanto no número de estudantes como no de titulacións a crear. A xestión deste crecemento non podía protagonízala unha Universidade que xa comenzaba a ser disfuncional, que xa gastaba máis enerxía en ocuparse da súa estrutura que en servilos seus fins.

Por tanto estamos dacordo coa creación de novas universidades. E estamos dacordo con que constituíañ un Sistema Universitario, hai que combatala desagregación. E tamén estamos dacordo en que se aproveite o patrimonio da Universidade de Santiago como punto de partida para a dotación do novo sistema. Acordo do que parece participamos moita xente. A proba está en que no Parlamento Galego aprobouse por unanimidade a correspondiente lei.

Nos congratulamos pero inda así trememos. A lei ten tres asuntos delicados que hoxe non sabemos inda onde irán dar co desenvolvemento do sistema.

Un, a distribución xeográfica das universidades creadas: a de A Coruña con campus tamén en Ferrol, a de Santiago con campus tamén en Lugo e a de Vigo con campus en Vigo, Pontevedra e Ourense.

No hai duda que en Galicia hai unha polarización entre o Norte e o Sur. Sería absolutamente catastrófico que poidera servir de estímulo para un exercicio imprudente das autonomías das universidades da A Coruña e Vigo. Por outra parte, está claro que unha universidade é un instrumento importante de cambios positivos no orde social e

cultural e que nesta proposta o eixo atlántico vese claramente reforzado fronte ó interior, que corno é sabido é a zona máis deprimida.

Dous. A financiación. Garantirase a través dun plan de financiación. Non na lei. O plan, xa presentado diante do Parlamento, é, en canto a recursos calculados, dabondo en tódolos seus aspectos. Pero a cuestión fundamental: como se calculan, en cada exercicio, as subvencións incondicionadas a cada Universidade, non está contemplada. O non dispor dun sistema obxectivo ¿teremos que andar a paus para conseguí-los cartos?, ou peor, ¿desexa o executivo ter en cada exercicio a chave para «exercer» a autonomía das universidades? Co desenvolvemento político da nosa patria, a verdade, desacóugame o cadro.

Tres. Por todo o dito sería inestimable a existencia dun órgano de representación social, plural e o máis sólido posible, que contribuíse á armonización do sistema universitario nacente. Pois ben, a lei extingue esa posibilidade. Adecúa o chamado Consello Universitario de Galicia, xa creado pero nunca constituído, a «as novas necesidades», atribuíndolle funcións insuficientes para aquela armonización e, o que é peor, mantendo a súa composición, sen representación social. E dicir, un órgano no que se encontrarán os xestores do sistema pero non os que teñen que controlalos: a sociedade, os interesados, os usuarios. Unha meren da de negros con perdón. Por iso trememos.